

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de febreiro de 2017

Anexos:

I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/02/2017.

II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/02/2017.

III. Límite de prazas:

- Para primeiro curso dos graos en EE e ERME, curso 2017-18.
- Por traslado para acceso aos graos en EE e ERME, curso 2017-18.

IV. Encargo de docencia, PDA, para o curso 2017-18:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- Mestrado en Enxeñaría de Minas.
- Mestrado en Xeoinformática.

V. Solicitud de modificación do Mestrado en Xeoinformática.

- Declaración de interese.
- Acta da Comisión Académica do Mestrado.

VI. Informes de seguimento dos títulos impartidos na EME.

- Autoinforme do Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- Autoinforme do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- Autoinforme do Mestrado en Xeoinformática.
- Autoinforme do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

VII. Asuntos económicos.

- Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2016.
- Orzamento da Escola para o exercicio 2017.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 12 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2017.

Enviouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola, a ligazón á sección de DESCARGAS /ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro onde xa estaba publicada pendente de aprobación:

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/descargas-de-documentos/descargas-de-actas-e-gastos/actas-xunta-da-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2017.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- No DOG con data sete de febreiro publicouse o Decreto 11/2017, do 19 de xaneiro, polo que se modifica a denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo. A nova denominación é Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

http://www.xunta.gal/dog/publicados/2017/20170207/AnuncioG0164-310117-0001_gl.htm

- A área de Imaxe da Universidade deseñou o novo logotipo e o símbolo da Escola. Está a preparar unha serie de recomendacións de uso, deseñando toda a nova papelería e sinalética así como plantillas (doc, ppt, mail) persoalizables. O cambio de imaxe estase tamén aplicando á web.
- Na Comisión Permanente do 6 de febreiro aprobáronse 12 saídas de campo para o segundo cuatrimestre. Solicítase aos profesores que realicen fotografías e/ou vídeos e os envíen ao Negociado de Asuntos Xerais. Pódese consultar a información no correspondente apartado da web:

<http://minasyenergia.uvigo.es/cms/index.php?ide=804>

- Enviouse un recordatorio ao profesorado para que planificase de maneira persoal as Enquisas de Avaliación Docente, EAD, do segundo cuatrimestre. Finalizado o prazo son os coordinadores de grao e mestrado os quen terán que planificalas.

- Unha vez rematado o prazo de entrega de actas o 6 de febreiro, a Secretaria Xeral informou ao centro que ningún profesor da EME ten actas sen pechar.
- O Plan de Internacionalización dos graos do centro foi denegado debido a que a proposta de materias en inglés só incluía grupos prácticos. Dispoñíase ata o 10 de febreiro para presentar alegacións.

O 20 de febreiro recibíuse a Resolución Reitoral definitiva pola que se publicaba a listaxe definitiva de plans aprobados e denegados. Nesta nova listaxe os plans dos graos do centro aparecían aprobados.
- O 15 de febreiro a Escola acolleu a 79 alumnos e alumnas de Secundaria e Bacharelato da provincia de Pontevedra que participaron na Fase Territorial da Olimpíada de Xeoloxía.
- A Dirección participou o 17 de febreiro nunha mesa de orientación universitaria con representantes da ETS Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos (UDC) e a Escola de Enxeñaría Industrial (UVigo) na VII Edición do Salón de Oferta de Educación e Formación de Galicia (EDUGAL) en Pontevedra.
- Do 2 ao 4 de marzo terá lugar a Feira de Minerais de Santiago de Compostela. A Escola participa coa exposición "Recursos naturais de Galicia" e vitrinas sobre "Usos industriais dos minerais". O xoves 2 e venres 3 de marzo participará coa charla "Recursos naturais de Galicia".
- Do 8 ao 10 de marzo terá lugar, no vestíbulo da Escola, o "Foro Tecnolóxico de Emprego" coa participación de numerosas empresas. É un evento organizado por estudantes de Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. Este ano a Escola participa cunha caseta ao que asistirán diversas asociacións vinculada coa EME.
- Desde o 20 de febreiro e durante un mes permanecerán instalados colectores de servizo de destrución documental certificado. Localízanse na zona de despachos e de dirección e están destinados á destrución e reciclaxe de documentación en papel, cartafoles, subcarpetas, cartolinas, portafolios, CDs, DVDs, etc... A empresa encargada garante total confidencialidade e seguridade no proceso.
- O espazo de acceso ao corredor de profesores da planta 0 dotouse de mobiliario para crear un espazo informal/descanso. Co paso do tempo o espazo irá evolucionando e esperamos integrar, nun futuro próximo, algunhas actividades ou instalacións piloto de xeración/transформación de enerxía.
- Acolcháronse as cadeiras das aulas 105 e 106.

3. Aprobación, se procede, de responsables da coordinación para o curso 2017-2018.

A dirección propón nomear aos seguintes coordinadores para o próximo curso académico 2017-18:

RESPONSABLES DA COORDINACIÓN PARA O CURSO 2017-2018	
GRAO EE	David Patiño Vilas
GRAO ERME	María Aratújo Fernández
MÁSTER UEM	Elena Alonso Prieto
MÁSTER UX	Higinio González Jorge
DOCTORADO GACEI	Pedro Arias Sánchez
DOCTORADO LFB	José Benito Vázquez Dorrió
1º CURSO GRAOS	Elena González Rodríguez
2º CURSO GRAOS	Eduardo Giráldez Pérez
3º E 4º CURSO EE	Pablo Eguía Oller
3º E 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS E MUEM	Javier Taboada Castro
1º E 2º CURSO MUEM	Teresa Rivas Brea
CALIDADE MUEM	María Aratújo Fernández
PAT	Itziar Goicoechea Castaño
DIFUSIÓN	Marta Cabeza Simó
CALIDADE	Ángeles Saavedra González
IGUALDADE	Teresa Rivas Brea
CNL	Carmen Pérez Pérez
PIUNE	Ángeles Saavedra González

A Xunta de Escola aproba por asentimento a listaxe de coordinadores proposta. A dirección agradece aos coordinadores a súa colaboración na xestión da Escola.

4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2017-2018.

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo III). A proposta é de 50 prazas de novo ingreso e de 10 prazas para acceso por recoñecemento de 30 ECTS para cada un dos graos impartidos na Escola, cos seguintes criterios na orde de admisión:

- En primeiro lugar, alumnos procedentes dun dos graos impartidos na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ordenados por expediente académico (nota media).
- En segundo lugar, alumnos procedentes doutros graos pertencentes á mesma rama de coñecemento e ordenados por expediente académico (nota media).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta feita pola dirección.

5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.

A bolsa de horas para o curso 2017-2018 é de 241 horas. A dirección fai a seguinte proposta de reparto:

Nome do profesor/a	Nº horas	Recoñecemento
David Patiño Vilas	45	Coordinación Grao
María Araújo Fernández	45	Coordinación Grao
Pablo Eguía Oller	15	Organización Docente
Fernando García Bastante	15	Organización Docente
Elena González Rodríguez	15	Organización Docente
Marta Cabeza Simó	10	Organización Docente
Ángeles Saavedra González	20	Apoio á Calidade
María Araújo Fernández	20	Apoio á Calidade
Itziar Goicoechea Castaño	21	Apoio á Calidade
Javier Taboada Castro	35	Apoio Programas de Prácticas

A Xunta de Escola aproba por asentimento o reparto proposto de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.

A Dirección agradece ao profesor Eduardo Giráldez Pérez que continúe co seu labor de coordinación a pesar de que non é posible asignarlle o recoñecemento correspondente.

6. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2017-18.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo IV).

A directora presenta as PDAs propostas para os graos impartidos na Escola e referidas ao curso 2017-18. Segundo os criterios de elaboración da programación docente anual, PDA, debe anexarse unha listaxe priorizada de departamentos asignados a materias.

O departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06) enviou un escrito ao departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio (C10) solicitando compartir a docencia da materia de Xeoloxía e se propón que na listaxe priorizada apareza como departamento prioritario na materia de Xeoloxía o C10 e como segunda opción o T06.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2017-18 así como a listaxe priorizada de departamentos asignados a materias.

7. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2017-2018.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo IV). Foi coordinada pola profesora Dona Elena Alonso Prieto e aprobada previamente pola Comisión Académica do devandito Máster o 22 de febreiro de 2017.

A directora solicita que, de se presentar o caso, calquera modificación puntual sexa aprobada pola Comisión Académica do Máster.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2017-2018.

8. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster en Xeoinformática, para o curso académico 2017-2018.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo IV). Foi coordinada polo profesor Don Higinio González Jorge e aprobada previamente pola Comisión Académica do devandito Máster o 22 de febreiro de 2017.

A directora solicita que, de se presentar o caso, calquera modificación puntual sexa aprobada pola Comisión Académica do Máster.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Xeoinformática, para o curso académico 2017-2018.

9. Aprobación, se procede, da declaración de interese para solicitar a modificación do Máster en Xeoinformática.

A comisión académica do Máster Universitario en Xeoinformática, na súa reunión celebrada o dez de febreiro, acordou solicitar unha modificación do título que atinxe á inclusión da Escola de Informática da Universidade de Santiago de Compostela (Anexo V). Esta solicitude foi aprobada na reunión da Comisión de Garantía Interna de Calidade celebrada previamente a esta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a declaración de interese para solicitar a modificación do Máster en Xeoinformática.

10. Aprobación, se procede, dos informes de seguimento dos títulos impartidos nesta Escola.

Envíouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo VI) e foron aprobados na reunión da Comisión de Garantía Interna de Calidade celebrada previamente a esta Xunta de Escola.

Neste curso 2016-17, a elaboración dos informes de seguimento dos títulos realizouse mediante a plataforma Avalía da ACSUG. Os informes constan de catro apartados:

1. Datos do título.
2. Evidencias.
3. Modificacións do plan de estudos.
4. Plan de Melloras.

A directora presenta os informes dos catro título impartidos na EME. Estes informes foron previamente enviados á Área de Calidade da Universidade de Vigo para a súa revisión e todas as suxestións foron posteriormente incorporadas.

O prazo de entrega na ACSUG remata o 31 de marzo. Ata esa data a Área de Calidade da Universidade poderá facer suxestións de mellora adicionais, polo que a directora propón que calquera modificación puntual futura poda ser aprobada pola CGIC e as respectivas Comisións dos Mestrados sen pasar por Xunta de Escola do centro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os informes de seguimento dos títulos impartidos nesta Escola.

11. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2016.

A directora presenta a memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2016 (Anexo VII). Estes documentos foron coordinados polo Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, Don David Patiño Vilas, coa axuda da Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona Ana María Cacheiro Seguí.

As execucións trimestrais do 2016 fóronse publicando no apartado de ACTAS E GASTOS da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/minasyenergia/cms/index.php?ide=394,430,0,0,1,0>

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2016.

12. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2017.

A directora presenta o orzamento da Escola para o exercicio 2017 (Anexo VII). O orzamento foi coordinado polo Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, D. David Patiño Vilas, coa axuda da Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Da. Ana María Cacheiro Seguí.

As execucións trimestrais do 2017 poderanse consultar no apartado de ACTAS E GASTOS da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/minasyenergia/cms/index.php?ide=394,430,0,0,1,0>

A Xunta de Escola aproba por asentimento o orzamento da Escola para o exercicio 2017.

13. Aprobación, se procede, dunha solicitude de axuda para a organización de actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo.

O 25 de xaneiro celebrouse, dentro do programa de Mentoring MEET-Minas 2016-17 e xunto coa Facultade de Químicas, a conferencia sobre fortaleza mental "Como adiestrar a tu dragón" impartida por Carmen Salvador, especialista en recursos humanos. Solicitouse unha axuda ao Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para financiar a devandita conferencia.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a solicitude desta axuda.

14. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai asuntos que tratar.

15. Rogos e preguntas.

Don Marcos González Bello pregunta se o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos vai saír do Plan de Viabilidade. A directora responde que hasta marzo non se poderá ter unha resposta.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/02/2017

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/02/2017

Profesorado	
1.	Alonso Prieto, Elena
2.	Araújo Fernández, María
3.	Cabeza Simó, Marta
4.	Caparrini Marín, Natalia
5.	Correa Otero, Antonio
6.	Correa Otero, José María
7.	Eguía Oller, Pablo
8.	García Bastante, Fernando
9.	González Jorge, Higinio
10.	González Rodríguez, Elena
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	Patiño Vilas, David
13.	Saavedra González, Ángeles
14.	Taboada Castro, Javier
15.	Vijande López, Javier
Alumnado	
16.	Blanco Losada, Iago
17.	González Bello, Marcos
PAS	
1.	Morgadas Lois, Cristina
2.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola:	49
Asistentes:	19

Escusan a súa ausencia: Don Leandro Alejano Monge, Don Lino Álvarez Vázquez, Don José Bienvenido Díez Ferrer, Dona Carmen Pérez Pérez e Don Iván Veleiro Pinal

ANEXO III

Límite de prazas:

- Para primeiro curso dos graos en EE e ERME, curso 2017-18.
- Por traslado para acceso aos graos en EE e ERME, curso 2017-18.

ANEXO IV

Encargo de docencia, PDA, para o curso 2017-18:

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía.**
- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**
- **Mestrado en Enxeñaría de Minas.**
- **Mestrado en Xecoinformática.**

ANEXO V

Solicitud de modificación do Mestrado en Xeoinformática.

- **Declaración de interese.**
- **Acta da Comisión Académica do Mestrado.**

ANEXO VI

Informes de seguimento dos títulos impartidos na EME

- **Autoinforme do Grao en Enxeñaría da Enerxía.**
- **Autoinforme do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**
- **Autoinforme do Mestrado en Xeoinformática.**
- **Autoinforme do Mestrado en Enxeñaría de Minas.**

ANEXO VII

Asuntos económicos

- Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2016.
- Orzamento da Escola para o exercicio 2017.